



***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA
MELLORAR A COORDINACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
MUNICIPAIS DAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, **DECLARA:**

Que esta consellería ten previsto formalizar coa Federación Galega de Municipios e Provincias o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 01/07/2018 ata o 31/12/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Instrumentar a colaboración conxunta necesaria para mellorar a coordinación dos servizos sociais comunitarios municipais, entre si, e cos servizos sociais de titularidade autonómica, coa finalidade última de contribuír a garantir unha prestación homoxénea dos servizos sociais, en igualdade de condicións para todos os cidadáns da comunidade autónoma

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o que se establece no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais e, en consecuencia, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar (familia,





menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, promoción da autonomía persoal, atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado), conforme ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, comprendendo dous niveles de atención: os servizos sociais comunitarios, de carácter predominantemente local, que á súa vez se subdividen en dúas modalidades -básicos e específicos-, e os servizos sociais especializados, de competencia autonómica.

Os servizos sociais comunitarios básicos son servizos mínimos obrigatorios para todos os concellos de Galicia, constituíndo o elemento clave para garantir o acceso ó sistema de servizos sociais. Con todo, a diversidade de tipoloxías de concellos existente no noso territorio produce certas diferenzas de cobertura, especialmente na prestación de determinados programas e servizos sociais específicos, que tamén se configuran como servizos de proximidade e, polo tanto, como criterio xeral, de competencia local, ao estar enfocados a colectivos afectados por problemáticas específicas que, deste xeito, enriquecen a rede de servizos sociais comunitarios. Non obstante, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, atribúelle á Xunta de Galicia o asesoramento e asistencia técnica aos profesionais e concellos, a supervisión e avaliación da súa calidade e, incluso, a creación, mantemento e xestión dos centros e programas de servizos sociais comunitarios específicos que pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias xustificadas asuma a Xunta de Galicia.

Por todo isto, a estruturación en rede do sistema é complexa e, para garantir o seu adecuado funcionamento, a propia Lei de servizos sociais de Galicia establece, como principio xeral, o principio de coordinación, sinalando expresamente que se promoverá a creación e o desenvolvemento de instrumentos e mecanismos de relación interadministrativa que garantan unha actuación coordinada no eido do benestar social e da igualdade, tanto por parte dos diferentes departamentos do Goberno galego que desenvolvan políticas que incidan no benestar social coma polo resto de administracións





públicas e entidades integradas no sistema, sexan de carácter público ou privado. Segundo a mesma Lei, correspóndelle á Xunta de Galicia a promoción dunha efectiva coordinación e cooperación cos concellos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos de xeito que se podan equilibrar eventuais déficits de cobertura e proporcionar unha oferta homoxénea de servizos. En consecuencia e, consonte a dita Lei, a Consellería de Política Social, asume, entre outras, as competencias de planificación, ordenación e coordinación do sistema galego de servizos sociais.

Pola súa banda, a normativa de réxime local (artigo 25.2.e) da Lei 7/85, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local) tamén reconece as competencias propias dos municipios en servizos sociais, que abarcan a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (composta polos 313 concellos, as 4 deputacións provinciais e as 9 entidades locais menores existentes no ámbito territorial de Galicia) é o organismo de representación das entidades locais de Galicia e conta, segundo os seus Estatutos, coa capacidade de constituír servizos de asistencia para os seus membros e establecer as estruturas orgánicas pertinentes, tendo plena capacidade para subscribir os convenios que procedan.

Neste contexto, e co obxecto de impulsar a coordinación e cooperación cos concellos, considérase adecuado complementar os instrumentos de coordinación existentes co apoio da Fegamp para o seu reforzo, coa sinatura dun Convenio, nomeadamente no relativo á integración da perspectiva local nos diferentes estudos de diagnose, instrumentos de planificación e demais documentos de referencia que a Consellería de Política Social elabore para o sistema galego de servizos sociais, ao abeiro do artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que permite a celebración de convenios para mellorar a eficacia na xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública, sempre que se cumpra coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.





A utilización da figura do convenio de colaboración xustifícase neste caso, de acordo co previsto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pola especial natureza do seu obxecto, e mais polo feito de que a Fegamp é o único organismo de representación das entidades locais de Galicia que engloba a todas elas, o que impide a convocatoria pública de subvencións en réxime de concorrencia competitiva. Efectivamente, esta unicidade da Fegamp outórgalle unha posición privilexiada e exclusiva para levar a cabo o obxecto deste convenio, porque o feito de que inclúa no seu seo a todas as entidades locais de Galicia outórgalle unha virtualidade enorme de cara a impulsar a coordinación e cooperación cos concellos e complementar os instrumentos de coordinación da administración autonómica.

Por último, cómpre salientar que o cometido deste convenio de colaboración é mellorar a coordinación dos servizos sociais comunitarios municipais coa finalidade última de contribuír a garantir unha prestación homoxénea dos mesmos, en igualdade de condicións para todos os cidadáns da comunidade autónoma, obxecto que non está comprendido en ningún dos contratos regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e cumpre as condicións previstas no artigo 6 desta Lei para poder consideralo un negocio xurídico excluído do seu ámbito de aplicación, porque:

- a) as partes asinantes do convenio non teñen vocación de mercado: toda vez que o obxecto do convenio exclúe o ánimo de lucro.
- b) establece unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se prestan de xeito que se poidan lograr os obxectivos comúns: nesta caso, o de garantir unha prestación homoxénea dos servizos sociais, en igualdade de condicións para todos os cidadáns da comunidade autónoma.
- c) o desenvolvemento da cooperación obxecto do convenio guíase unicamente por consideracións relacionadas co interese público.





En atención ao exposto, e co fin de darlle cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2018.

